



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

Secretaria D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (21/05/2025).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a de Vedra, por fin de mandato (Expediente 2025/X999/000050)

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de asuntos xerais do 23 de xuño.

Visto que con data 19.03.2025 a Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia remitiunos comunicación interesando o inicio de expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a de Vedra, no prazo de tres meses, por vencer o período de catro anos do nomeamento de dona Alba Mouro Rey para o citado cargo.

Iniciado o expediente, por Resolución da Alcaldía núm. 366/25, de data 05.05.2025, aprobouse a convocatoria e as bases, publicándose con data 09.05.2025 no BOP núm. 87/25, na páxina web do concello (<https://concellodevedra.es>) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes.

Visto o certificado de Secretaría de data 06.06.2025 que consta no expediente, presentaron en prazo (do 12.05.2025 ao 02.06.2025) solicitude as seguintes persoas interesadas:

D. ALBA MOURO REY (R.E. 202599900000462, de data 28.05.2025)



Visto que a aprobación lle corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao establecido nos artigos 6 do Regulamento 3/1995 de Xuíces de Paz e 101.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, co voto favorable da maioría absoluta, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñer para o nomeamento de Xuíza de Paz Substituta do Concello de Vedra á única candidata D^a. ALBA MOURO REY, con DNI núm. ***0954**.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xunto co expediente completo tramitado.

TERCEIRO.- Notificarlle o presentada acordo á persoa interesada.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada Moción de Amnistía Internacional.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da moción remitida por Amnistía Internacional na que ante a catástrofe humanitaria en Gaza solicitan do Concello de Vedra a adopción do seguinte acordo.

O Concello de Vedra pide:

- Que Israel e Hamás acorden e manteñan un cesamento do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza.
- Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o xenocidio contra a poboación palestina de Gaza, o que inclúe a matanza dos seus membros, lesión grave á súa integridade física ou mental e sometemento intencional de la a condicións de existencia que haberían de carrexar a súa destrución física.
- Que as autoridades israelís faciliten con urxencia o acceso humanitario e a entrega de axuda a Gaza, levanten o bloqueo inhumano e ilegal a este territorio e poñan fin á ocupación do Territorio Palestino Ocupado, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cixjordania, incluída Xerusalén Oriental.
- Que Hamás e outros grupos armados en Gaza liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras, retidas como reféns, e que Israel libere as persoas palestinas detidas arbitrariamente. Nin o un nin o outro pode estar supeditado ao resultado das negociacións políticas sobre a seguinte fase da tregua.
- Que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoiem ás institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.
- Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestina de Gaza ou Cixjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.



A Presidencia di que esta moción chegou despois da convocatoria da sesión plenaria. Ao grupo de goberno, tanto a redacción como o momento parécelle apropiado apoiar esta declaración e transmitirllo a Amnistía Internacional. A situación é inadmisíble e unha auténtica barbaridade.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, para facer un par de recordatorios. En primeiro lugar, Hamás foi financiado por Israel coa finalidade de que a OLP non xestionara unha parte do territorio palestino e fomentando as loitas internas do territorio palestino. En segundo lugar, hai que recordar tamén que Israel comete na actualidade un xenocidio perfectamente calculado coa finalidade de assimilar o territorio palestino.

Di que o seu grupo vai apoiar a moción.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a revisión do sistema de streaming de gravación dos plenos, a Presidencia di que xa se revisou e en principio funciona correctamente. Hoxe volverase a comprobar.

2º.- Respecto a se o vehículo no que circula o concelleiro de obras dende hai uns días, é persoal ou pertence ao parque móbil municipal, a Presidencia contesta que pertence ao parque móbil municipal.

3º.- Sobre o servizo de madrugadores para o ludoverán, di que non está de acordo cos comentarios que fixo.

Aclara que nunca houbo madrugadores na ludoteca de verán. O que pasou este ano é que cando se anunciou a ludoteca de verán houbo unha redacción confusa que daba lugar a equívoco.

Tiveron unha reunión coas persoas que solicitaran o servizo de madrugadores neste período de verán para aclaralo. Esa redacción é responsabilidade do grupo de goberno.

A reunión coas persoas que o solicitaron foi para ver a problemática que tiñan e cales eran as posibles solucións que se podían adoptar. A xuntanza foi produtiva e razoable por parte de todos e acadouse un consenso. Será un servizo independente da ludoteca como ata agora, de 7:30 a 8:30 horas, limitado ás persoas que viñan utilizando o servizo e mantendo os prezos.

Na ludoteca de verán vai haber uns 90 usuarios aproximadamente, e no servizo de madrugadores hai anotadas 6 persoas usuarias en xullo e 2 en agosto.

-- Ás preguntas formuladas por Dona Yolanda Vieiro, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a que un ano queden moitos nenos e nenas fóra da Escola Infantil Municipal, e ao ano seguinte queden prazas libres, a Presidencia di que non ten nada que ver. Hai dúas circunstancias: 1º.- Ao mellor dentro de cinco ou seis meses non hai prazas libres porque poden irse incorporando novas solicitudes. 2º.- Hai anos nos que as promocións son máis numerosas ca outros.

Ao contrario, hai persoas usuarias que non teñen praza noutra gardería ou non lle coincide o horario e acaban vindo para Vedra.

2º.- Sobre cal é o estado no que está agora mesmo o contrato do SAF, responde que o PPT xa está redactado, e o PCAP estase redactando agora. Irán ao pleno de xullo.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Castro, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto á colocación do espello na pista de Lombaos, di que aínda non se puxo.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Propón que se abra o servizo de madrugadores a outros pais que non o utilizan durante o curso escolar.

2º.- Quédalle a dúbida sobre o vehículo municipal. Pregunta se é municipal, como é posible que non saia da casa do concelleiro de obras. É estraño que sendo municipal estea a disposición dunha única persoa. Pregunta cantos traballadores municipais no concello teñen un vehículo á súa disposición permanente e de uso exclusivo.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG pregunta:

1º.- Estes días estiveron facendo algunhas obras e modificación no patio da escola de San Xián. Pregunta se se vai resolver nalgún momento. Solicita que aproveitando o período non lectivo se lle dea unha volta a todas as escolas unitarias do concello.

2º.- Pregunta se dende a Deputación enviaron algún texto para o día do orgullo e que van poñer nas redes sociais municipais.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- En que situación está o patio da escola de San Xián. Pregunta se o van poder usar os nenos e nenas da escola en setembro.

2º.- Os sinais do concello en moitos dos casos están torcidas, teñen maleza, etc. Pregunta se existe a posibilidade de repoñelos, no seu caso, ou cando menos limpalos.

3º.- Un veciño de Socastro díxolle que ADIF está facendo obras alí. Pregunta se o concello coñece o alcance de ditas obras e se se vai humanizar e integrar paisaxisticamente a vía ou vai quedar como en 1958.

Hai dúas casas que se serven por pistas paralelas á vía, que pasa moi fonda. Pregunta se o concello vai mellorar e colocar algún elemento de seguridade ou lle vai solicitar a ADIF que o faga.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e vinte minutos.